

GAL

# Inverno

MUSEO DE PONTEVEDRA

DECEMBRO DE 2024 • XANEIRO E FEBREIRO DE 2025



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

## EXPOSICIÓN TEMPORAIS

### *Acisclo en 66 obras*

**Do 13 de decembro ao 2 de febreiro**

No Ourense dos anos sesenta do século xx, coñecida entón como a Atenas de Galicia, coincidían dúas xeracións de intelectuais ás que se lles uniron os que Risco chamaba os Artistiñas; dos que formaba parte Acisclo Manzano. Esta exposición revisa a súa evolución artística desde aquel expresionismo figurativo inicial ata acadar case a abstracción.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

**Inauguración:** 13 de decembro, ás 19.00 h

### *Pinturas negras*

**Do 21 de febreiro ao 6 de abril**

Coa serie de Goya como referencia, explóranse as posibilidades formais e simbólicas do negro. Graduadas e docentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra presentarán obras de diferentes disciplinas con esta cor como protagonista.

Comisariado: Ignacio Pérez Jofre e Sandra MG

**Inauguración:** 21 de febreiro, ás 19.00 h

### *Infiltracións II. Alberto Baraya. Vento*

**Ata o 2 de marzo**

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os fondos. O colombiano Alberto Baraya (Bogotá, 1968) navega a través da paisaxe mentres a pinta, nunha proposta que quere vincularse coa colección de paisaxes mariñas do museo.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

### *É tempo de xogar. Colección Juan Manuel Alfaya Ocampo*

**Ata o 9 de febreiro**

Unha escolma da ampla colección de Alfaya Ocampo, con xoguetes de lata e doutros materiais coma chumbo, cartón, madeira e plástico creados entre as décadas de 1890 e 1960. Destacan os teatros e os autómatas, moitos deles centenarios. Xoguetes para todos os gustos, habilidades e temperamentos.

Comisario: Juan Manuel Alfaya Ocampo

## *José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis*

**Ata o 19 de xaneiro**

Unha mostra antolóxica do pintor de Bueu con obras datadas entre 1949 e 2016 procedentes do Museo Massó e de coleccións particulares. Ao substituír o pincel pola espátula, conseguiu unha forte intensidade cromática a partir do modelado do pigmento aplicado con agresividade, co que transgredía intencionadamente as tonalidades da natureza.

Comisaria: Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

INFANTIL E FAMILIAR

OBRADOIROS

### Fabrica o teu Xoguete

**Do 21 de decembro ao 7 de xaneiro**

Coincidindo coa exposición *É tempo de xogar*, o Departamento de Educación do museo organiza este obradoiro no que cada nena e neno poderá fabricar o seu propio xoguete para levar a casa.

Para todas as idades.

Obradoiro aberto e sen inscrición previa.

### Marabillas Xiratorias

**26 e 27 de decembro e 2 e 3 de xaneiro, de 11:30 a 13:30 h**

Catro quendas diferentes deste obradoiro no que as e os participantes elaborarán con papel, lapis, tesoiras e imaxinación o seu propio taumatropo, o máis antigo xoguete óptico precursor do cine. Impartido por Carmen Pintos.

Para nenas e nenos a partir de 5 anos (acompañados), maiores de 12 anos e persoas adultas.

Inscrición a partir do martes 17 de decembro.

ESPECTÁCULOS

### *Raquel Queizás: Cinema de historias da man de Alice Guy*

**Venres 27 de decembro, ás 18:00 h**

Un espectáculo no que se mestura narración con teatro e cinema para espertar nas nenas e nenos o amor por este, ademais de descubrirlles o poder que teñen as imaxes para transmitir historias. Todo da man de Alice Guy, a nai do cinema, unha pioneira un tanto esquecida.

## Tarabelos: *Un Nadal cheo de contos*

**Venres 3 de xaneiro, ás 18:00 h**

O Nadal está cheo de contos, contos que viaxan nas nubes e no vento e chegan a nós arrastrados polas chuvias, as neves, a poalla e polas fortes tormentas do inverno. Un espectáculo de monicreques e contacontos.

**PARA TODOS OS PÚBLICOS**

### CURSOS

## Debuxar no Museo. Exploración Artística para Principiantes

**Pastel. 10 e 17 de decembro e 14 e 21 de xaneiro**

**De 16:30 a 18:00 h ou de 18:00 a 19:30 h**

Obradoiro dirixido a público xeral con coñecementos básicos de debuxo. Impartido por Antía Sánchez.

## Olladas Musicais. Audicións Comentadas

**Todos os mércores do 15 de xaneiro ao 26 de febreiro, ás 19:00 h**

Este curso ten como obxectivo promover o aprecio e a comprensión da música clásica entre as persoas a través de charlas interactivas e audicións comentadas de obras clave da historia da música. Impartido por Sara Domínguez.

## Do Cine Clásico ao Cine Moderno. Intuicións, Rupturas e Ecos dos Novos Cines da Modernidade (1950-1980)

**Martes de febreiro, marzo, abril e maio, ás 19:00 h**

Este curso traza un panorama xeral dos novos cines dos anos 60 do pasado século, sen esquecer as súas intuicións nos 50 e os seus ecos nos 70. Doce sesións que nos levarán do cine clásico ao *blockbuster* pasando por Bergman, Welles, Varda, Pasolini...

Impartido por José Manuel López.

### CONCERTOS

## Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga: *IV Gala Lírica de Nadal*

**Martes 17 de decembro, ás 19:00 h**

O alumnado do conservatorio de Pontevedra volve ofrecer no museo a súa xa clásica gala de Nadal, aberta ao público.

## Juan Carlos Cambas: *Notas da viaxe/30 anos de música*

**Xoves 19 de decembro, ás 19:00 h**

O pianista arxentino Juan Carlos Cambas percorrerá as súas tres décadas de carreira artística nunha viaxe integradora pola xeografía musical da Arxentina, con parada en Galicia. Acompañado por Manolo Gómez no charango e outros artistas convidados.

## *Despedida do vilancico*

**Venres 10 de xaneiro, ás 20:30 h, igrexa de San Bartolomeu**

Este concerto, protagonizado polo Coro Luis García Limeses e a Coral Polifónica de Pontevedra, vén sendo organizado polo museo desde hai 70 anos. O deste ano servirá de preámbulo da extensa programación que durante o 2025 festexará o centenario da Polifónica.

## ESPECTÁCULOS

### Píscore: *Molto barroco*

**Xoves 2 de xaneiro, ás 18:00 h**

Unha premiada montaxe que transita entre o teatro, a música barroca, a comedia e a participación do público, cunha exquisita banda sonora que combina pezas clásicas e composicións orixinais de Adrián Saavedra.

## PROXECCIÓN

### *Castelao: de chumbo a verba*

**Martes 7 de xaneiro, ás 19:30 h**

Documental ficcionado en que se mestura a época actual, os anos centrais da vida de Castelao e imaxes de arquivo para axudar a entender o seu pensamento e a súa dimensión cultural e política. Dirixido por Miguel López, con Miguel Pernas, Uxía Blanco e Iago Novoa no elenco.

## CHARLA DIDÁCTICA

### "A mensaxe dos aparellos de pesca". José Manuel Rosas Otero

**Venres 10 de xaneiro, ás 17:00 h**

Como colofón á exposición *José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis*, o patrón maior da Confraría de Pescadores de Bueu ofrece unha charla para todos os públicos sobre as artes de pesca e a súa evolución a través da cultura mariñeira galega.

CHARLA E OBRADOIRO

## Proxecto Bolina: “A arte das redeiras e iniciación ao atado de redes de pesca”

**Venres 10 de xaneiro, ás 19:00 h**

A artesá Amalia Puga e a Asociación de Redeiras Atalaia da Guarda explicarán as claves do seu oficio e introducirán as persoas asistentes no proceso de creación de redes de pesca e nas bases do atado aplicado a pezas de decoración.

Inscripción a partir do 30 de decembro.

PRESENTACIÓN DO LIBRO

## *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*

**Xoves 30 de xaneiro, ás 19:00 h**

Presentación do libro de Laura Touriñán Morandeira, na que o pianista Alejo Amoedo interpretará temas do compositor galego máis recoñecido do século XIX.

## SEMINARIOS E CONFERENCIAS

CONFERENCIA

## “Medir, observar, matar? *Ciborgs* científicos e a provincia de Pontevedra”. Anxo Vidal Nogueira

**Venres 17 de xaneiro, ás 19:00 h**

O investigador falará dos instrumentos científicos relacionados coa provincia de Pontevedra e, especialmente, do que nos ensinan sobre a relación entre o coñecemento científico e o seu contexto histórico, social, político, económico e cultural.

SEMINARIO

## Museos, Feminismos, Canon

**28 de febreiro**

O museo organiza, en colaboración coa Universidade de Vigo, a terceira edición deste seminario que se enmarca na necesidade de pensar novas narrativas nos museos do século XXI desde as perspectivas de xénero.

## VISITAS GUIADAS

### Á exposición permanente

**Sábados, domingos e festivos, ás 12:00 h**

### Ás salas de Castelao

**Martes 7 de xaneiro e martes 4 de febreiro, ás 18:00 h**

Con reserva previa.

### Á exposición *É tempo de xogar*

**Mércores e venres, ás 18:00 h**

A cargo do coleccionista, Juan Manuel Alfaya Ocampo.  
Pódense concertar visitas, con reserva previa, noutro horario.

### Visita conxunta ás exposicións *José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis* e *Vento* de Alberto Baraya, ciclo *Infiltracións*

**Xoves e sábados, ás 17:00 h, desde o 14 de decembro**

Con reserva previa.

### Á exposición *Acisclo en 66 obras*

**Xoves e sábados, ás 18:00 h, desde o 21 de decembro**

Con reserva previa.

**Toda a programación desenvólvese nos edificios Castelao e Sarmiento e é de acceso libre sen reserva previa, salvo que se indique o contrario.**

+34 986 804 100

[educacion.museo@depo.gal](mailto:educacion.museo@depo.gal)



[museo.depo.gal](https://museo.depo.gal)



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA